



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.es

50 ANIVERSARIO

MEMORIA

Contratos-programa (CPIInclúe)



Rexistro de actividades 2023-2024

DÍA DAS ESCRITORAS

O “Día das Escritoras” é unha conmemoración iniciada en España en outubro de 2016 para recuperar o legado das mulleres escritoras, facer visible o traballo das mulleres na literatura e combater a discriminación que sufriron ao longo da historia.

A celebración, de carácter anual, convócase o luns máis próximo á data do 15 de outubro, festividade de Teresa de Jesús.

No noso centro en este ano fixemos una exposición donde se recolle una breve biografía de escritoras eleixidas por cada alumno ou alumna. Tamén o alumnado realizou un collage cunha foto da escritora eleixida e o seu corpo feito en cartulina cunha interpretación libre.



ENLACE A GALERÍA DE FOTOS

<https://photos.app.goo.gl/Y3HYz8GvPiEaaUqQ7>

AGRESIÓN OFF

A campaña «**Agresión OFF, Eu digo non á violencia sexual**» foi creada pola Xunta para levar a cabo en festivais musicais de Galicia co obxectivo de sensibilizar e evitar agresións sexuais contra as mulleres e loitar contra o acoso neste tipo de eventos.

A meta principal da campaña é que as mulleres sentan seguras nestes grandes eventos, e ao mesmo tempo, aproveitar a gran afluencia de público a eles para incidir na concienciación da sociedade sobre a violencia sexual.

Como parte das estratexias para desenvolver no marco desta campaña inclúese a presenza de casetas nos distintos festivais desde os que se distribúe distinto material informativo como o **Décálogo contra a violencia sexual**:

1. As agresións sexuais son un delito recolleito no Código penal.
2. Nada xustifica unha agresión: nin a forma de vestir, nin a exhibición do corpo.
3. Tes dereito a divertirte sen ser importunado/a ou agredido/a.
4. Tes dereito a pasalo ben e gozar en liberdade e con seguridade. A rúa, a noite e as festas tamén son das mulleres.
5. Sen consentimento non é unha relación, é unha agresión. O consentimento non é ilimitado e existe o dereito de repensalo e a non seguir. **NON É NON!**
6. Baixo a influencia do alcol e doutras substancias segue existindo o dereito para dicir non e se non hai un si é un non, sen que haxa outra interpretación.
7. Insistir cando che rexeitan é acosar. Non te poñas pesado/a.
8. Se necesitas axuda fronte a unha agresión chama ás 112 Emerxencias.
9. Se presenzas unha agresión sexista non a permitas, chama e denuncia.
10. Lembra que se sofres unha agresión sexual, sexa nas circunstancias que sexa non te sintas culpable porque a responsabilidade é sempre de quen agride.

Dende o Departamento de Orientación do CPI Atios de Valdoviño en colaboración coas persoas titoras dos gripos de secundaria, participamos por segundo ano consecutivo nesta iniciativa.

O alumnado de secundaria acude as casetas instaladas na casa da Cultura do Concello para recibir información sobre o tema da violencia sexual e como remtar con esta lacra da sociedade



Por outra banda se informa ao alumnado dush consellos prácticos que poden atopar no seguinte enlace:

<http://igualdade.xunta.gal/es/recursos/app-de-agresion#:~:text=Agresi%C3%B3n%20OFF%20es%20una%20App,para%20mayor%20apoyo%20e%20informaci%C3%B3n.>

FOTOS DA VISITA





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.gal



XÉNERO EDUCA VALDOVIÑO - XÉNERO HISTORIAS

O ano pasado os vosos fillos e fillas realizaron o proxecto **Xénero Educa Valdoviño - Xénero Historias** enmarcado dentro do *Programa municipal de igualdade, diversidade e prevención das violencias de xénero "SOMOS E CONTAMOS"* e financiado con cargos dos créditos recibidos do Ministerio de Igualdade, Secretaría de Estado de Igualdade e Contra a Violencia de Xénero.

Durante a realización do proxecto o alumnado traballou a igualdade e a prevención da violencia de xénero a través dunha metodoloxía innovadora, onde o obxectivo principal de é que o alumnado sexa o protagonista do seu propio cambio, e como non podía ser doutra maneira, este evento será presentado polas alumnas e alumnos que participaron no proxecto.

Data: 17 de novembro

Horario: 17:00

Lugar: A Casa da Cultura (Av. Gándara de Abaixo, 30, 15552 Valdoviño, A Coruña)

No evento presentaremos o traballo realizado polo alumnado, por iso convidámosvos, a familias, autoridades e comunidade educativa, así como aos/as verdadeiros/as protagonistas desta viaxe, a compartir este evento e así dar o valor que se merece ao traballo do alumnado de 3º ESO e 4º ESO do CPI de Atios do curso 2021/2022

Estes curtos serán subidos de forma posterior ás redes sociais e así como á nosa pagina web www.generoeduca.es e o noso canal de Youtube www.youtube.com/@generoeduca Ademáis quedasen ao disposición do centro educativo para que se poida utilizar como recurso didactico.

Para o equipo que forma Xéneroeduca foi un verdadeiro pracer compartir cos vosos fillos e fillas este proxecto, xa que cremos firmemente que teñen as ferramentas para solucionar o que a poboación adulta non estamos a saber solucionar.

VIDEO DO RAP

<https://www.youtube.com/watch?v=LTQQPKpxr8I>

CURTA

<https://www.youtube.com/watch?v=BW6o5Gzkakg>

ENLACE:

<https://www.farodevigo.es/sociedad/2022/11/20/programa-genero-educa-presenta-proyectos-78808730.html>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.es

FOTOS DO EVENTO



ACTOS 25 NOVIEMBRE

Historia

O Día Internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller conmemórase anualmente o 25 de novembro para denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo e reclamar políticas en todos os países para a súa erradicación.

A convocatoria foi iniciada polo movemento feminista latinoamericano en 1981, en conmemoración da data na que foron asasinadas, en 1960, as tres irmás Mirabal (Patria, Minerva e María Teresa), na República Dominicana.

En 1999, a xornada de reivindicación foi asumida pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 54/134, o 17 de decembro de 1999.

Entendendo por violencia contra a muller «**todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que teña ou poida ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas de tales actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se producen na vida pública como na vida privada**», e convidando a gobernos, organizacións internacionais e organizacións non gobernamentais a convocar actividades dirixidas a sensibilizar á opinión pública sobre o problema da violencia contra as mulleres

Álbum de fotos da conmemoración

<https://photos.app.goo.gl/i1EKRswYiZkUdvfT7>

Video realizado polo alumnado de 6º A de primaria como actividade para o 25N.

https://photos.google.com/share/AF1QipMpXaRMeJkrJ-0pCP-lvVeOD9qqMjFRD_qLRuM3SIYNwV_u1UB7KaOLK4y3VxQUiw?key=NWZBQmpzRXUzXzFtTHZwc1dlcWFqZ0MyN0Z1RUpn

Video realizado polo alumnado de 5º A de primaria como actividade para o 25N

<https://drive.google.com/file/d/1Uakx7LuDc0W8FiEZCERkyWXpWdNM002e/view?usp=drivesdk>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.es



MURAL



CIBERQUEDADA

Mércores 23-11-22 ás 10.30 h

Desenvolvemento da actividade

10.30 h Priscila Retamozo dá a benvinda, saúda aos centros participantes, contextualiza a actividade e dá paso aos 3 microvídeos.

10.45 h Priscila plantea algunhas cuestións para tirar do fío e o alumnado entra a participar no chat público baixo a supervisión do seu profesorado. Participa alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO de varios IES da provincia desde as súas propias aulas, a través dun único ordenador de aula e coa guía do seu profesorado.

- **Cada aula loguéase desde unha conta de gmail** e solicitámoslles que cando entren no chat **se identifiquen**, por exemplo: "Ola! dende 1ºB do IES A Cachada de Boiro"
- **Priscila atenderá as reflexións e dúbidas do alumnado de xeito divulgativo e ameno.**
- Os **comentarios** estarán sobreimpresos na pantalla, como nesta foto:
- **Haberá intérpretes en lingua de signos.**
- A actividade retransmitírase desde a **aula 116 do IES Rosalía Mera da Coruña** e contará coa presenza de 15 alumnas e alumnos.
- A actividade quedará pendurada na web da campaña e na canle de You Tube da Deputación como recurso educativo.

11.15 h **Resumo do falado, agradecementos e despedida.** A actividade ten unha duración máxima de 60 min, se poden ser 50 minutos moito mellor.



ENLACE A GALERÍA DE FOTOS:

<https://photos.app.goo.gl/Md8VrwjZ4fbFRE3Y8>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Teléfono:881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.gal

50 ANIVERSARIO

EXPOSICIÓN CARTAS DE AMOR

Cartas de Amor é unha mostra do cómic galego sobre violencia de xénero, con debuxos de artistas de fama como Miguel Calatayud, Patricia Castelao, Fausto Isorna, Pirusca, José Luís Méndez, Jack Mircala ou Javier Oliveirais.



A exposición quere sensibilizar á poboación máis nova sobre a existencia de violencia nas súas formas de relacionarse, axudar a detectala e por tanto a eliminala.

Con Cartas de Amor, a Secretaría Xeral dá Igualdade pretende establecer un paralelismo entre o mundo romántico das primeiras relacións de parella e a crueldade que, ás veces, ve asociada a elas, tendo en conta que, nos últimos anos, detéctanse moitos casos de relacións de parellas entre adolescentes cunha forte carga de violencia verbal e mesmo física.



"Cartas de amor" llega al CPI Atios de Valdoviño dentro de la programación del 25 de noviembre

El centro CPI Atios de Valdoviño alberga hasta finales de mes "Cartas de Amor", una muestra del cómic gallego sobre violencia de género, enmarcada en la programación del 25-N. FOTO: CONCELLO

ENLACE A GALERÍA DE FOTOS:

<https://photos.app.goo.gl/mmMrt34e1oY1xKye9>

INSTALACIÓN GRACIELA SACCO

Esta instalación realizada polo ciclo de educación infantil do CPI Atios toma como base a obra de Graciela Sacco ¿Quién Fue?. E partindo dela fan unha reinterpretación da mesma

Graciela Sacco (Rosario, Arxentina, 1956 - 5 de novembro de 2017) foi unha artista visual e profesora arxentina. Traballou principalmente con fotografía, vídeo e instalación.

O seu traballo consistiu en investigar movementos artísticos e a múltiple produción artística.

Na súa obra ve a arte desde dous puntos nos que abordou e estudou os conflitos entre a sociedade e a arte.

- O primeiro sendo a arte un medio que permita relacionar a arte coa vida mesma.
- O segundo a reflexión da postura da arte fronte á sociedade dun contexto contemporáneo e as relacións que se xeran e crúzanse.

Deste xeito a súa obra expón preguntas, xerar discusión así como cuestionamentos de todo tipo sobre o cotián, a sociedade, a política, etc.

Dende o ciclo de infantil afrontamos está actividade como denuncia a violencia machista, unha das lacras da nosa sociedade,

Cada ano unha morea de mulleres sofren violencia a mans dos homes, nas caixas de fósforos están representados **gritos de repulsa** a dita violencia, as humillacións, os insultos, as vexacións e a violencia física.

Porque as mans nunca deberán ser empregadas como arma, facendo dano e provocando fondas feridas nas mulleres que as reciben.

Por iso na aula estivemos a falar sobre aquelas outras acción que podemos facer con elas.

Nas fotografías refléxanse algunhas delas

Accións que nos falan de agarimo, de momentos compartidos, de apoio de presenza e de respecto

A finalidade desta instalación é facer conscientes aos nenos e as nenas das consecuencias negativas da violencia e amosarlles outras vías kde resolución de conflitos.



FOTOS EXPOSICIÓN ORIXINAL



FOTOS EXPOSICIÓN DO CICLO DE INFANTIL



ENLACE A GALERÍA DE FOTOS:

<https://photos.app.goo.gl/nSr8wxBfw1Rv4EhMA>



DÍA DA PAZ


Co gallo de celebrar o Día da Paz, contamos arredor desta data coa presenza no centro do se deseñou unha instalación conmemorativo situado no patio da cafetería.



Encargáronse de darlle forma a instalación todo o alumnado do centro, baixo a dirección e supervisión de a profesora de plástica.



Ademáis, cada curso elaborou as súas propias creacións en relación con esta efeméride, dende murais, ata frases en contra da violencia, pasando pola elaboración dun tema musical a cargo da profesora de Música de EP.



ENLACE A GALERÍA DE FOTOS:

<https://photos.app.goo.gl/8LawUuMPUdmABEPS9>



DÍA DE ROSALÍA

Actividades:

“Sempre Rosalía”

O alumnado asiste o día 24 de febreiro ao espectáculo titulado “Sempre Rosalía” que tivo lugar na Casa da Cultura.

Organizamos varias quendas:

1ª quenda de 09:50 horas a 10:10 horas, alumnado de 4º e 5º de primaria.

2ª quenda de 10:15 horas a 10:35 horas, alumnado de 6º de primaria, 1º da ESO e 2º da ESO.

3ª quenda de 10:40 horas a 11:00 horas, alumnado de 3º da ESO e 4º da ESO.

Actividade nas aulas:

Cada titoría de infantil, primaria e secundaria, fai una activdade relacionada coa figura de Rosalía de castro para dar a coñecer ao alumnado esta muller referente da cultura galega.

As titorías obtiveron información no seguinte enlace facilitado polo Equipo de Actividades Extraescolares :

<https://drive.google.com/file/d/1m9OCzBg9weZfKdwSdBMTGUSzMWgPCeHr/view>



GALERIA DE FOTOS: <https://photos.app.goo.gl/VEpXxcWChyMjiP1L7>



DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA

MATERIAL PARA TRABALLAR O DÍA DA MULLER

Para conmemorar o Día Internacional da Muller, deixamos á vosa disposición unha serie de materiais en galego O EDLG deixou na páxina web do centro material para Infantil, Primaria e Secundaria, para traballar durante a semana do 6 ao 10 de marzo.

MATERIAL 8 DE MARZO: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1457>

En Infantil traballaron sobre mulleres achegadas ao alumnado, coas que se relacionan cada día no ámbito escolar.

No resto de niveis, aproveitando o 50 aniversario, traballaron sobre mulleres que xa teñan pasado polo centro, e que pertenceran á comunidade escolar de calquera maneira.

Facendo unhas fichas sobre elas, e unha exposición virtual,

LEVÁNSE A CABO DIFERENTES ACTIVIDADES PARA CONMEMORAR O DÍA

1.- OBRA DE TEATRO "PILGRIMS" NA CASA DA CULTURA E POSTERIOR DEBATE 07-03-23

#2Pilgrims, de Redrum Teatro, é unha obra que trata sobre a igualdade de xénero e as novas masculinidades, a través da historia dun actor e unha actriz que son secuestrados por Corea do Norte para facer unha serie sobre o Camiño de Santiago.





2.- LECTURA DUN MANIFESTO ESCRITO POLO EQUIPO DE IGUALDADE DO CENTRO 08-03-23

ENLACE AO MANIFESTO: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1461>



3.- PRIMEIRA EMISIÓN DA RADIO ATIOS, COA PRESENCIA DO GRUPO DE IGUALDADE DO CENTRO

ENLACE AO PROGRAMA: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpiatios/?q=node/1460>



[ENLACE GALERIA DE FOTOS : 8 DE MARZO DÍA DA MULLER](#)

Benvídes a todes.

Dende o grupo de Igualdade cremos que é importante loitar pola igualdade de xénero e a xustiza social no noso centro educativo e na nosa sociedade en xeral. Queremos que este sexa un lugar seguro e acoledor para todas as persoas, independentemente do xénero, etnia, orientación sexual, relixión ou status socioeconómico.

Cremos que a educación é unha poderosa ferramenta para o cambio e a igualdade, e por iso gustaríanos que todas as persoas presentes reflexionasen sobre o que poderíamos facer para:

- Promover a educación sobre a igualdade de xénero e a importancia de loitar contra a discriminación e a opresión ás que se enfrontan as mulleres en todo o mundo.
- Traballar para desmantelar as normas de xénero estereotipadas que limitan o potencial das mulleres e de todas as persoas que non se axustan aos estereotipos de xénero.
- Combater e previr o acoso e a discriminación en todas as súas formas, especialmente a violencia á que se ven sometidas as persoas feministas que loitan activamente contra as inxustizas que presencian.
- Asegurarse de que todas as mulleres que forman parte da escola teñan igualdade de oportunidades e acceso a recursos, apoio e liderazgo.
- Fomentar a participación das mulleres en ámbitos tradicionalmente dominados polos homes, como a ciencia e a tecnoloxía.
- Potenciar a diversidade e a inclusión en todos os ámbitos do centro, dende a aula ata as actividades extraescolares.
- Garantir que as políticas e prácticas escolares se baseen na igualdade de xénero e se apliquen de forma xusta e igualitaria.
- E erradicar os discursos de odio ou que conteñan discriminación dalgún tipo por parte de calquera persoa que transite o centro; creando un entorno seguro.

Entre todes podemos facer desta escola un lugar onde se valore e se trate ás mulleres co respecto e dignidade que merecen. Traballaremos xuntas para crear un futuro máis xusto e equitativo para todas as persoas e loitar contra a discriminación e a opresión en todas as súas formas.

CHARLAS PLAN DIRECTOR

<http://www.edu.xunta.gal/portal/es/node/37854>

Un curso máis o CPI Atios participa no Plan Director para a convivencia e a mellora da seguridade nos centros educativos e nas súas contornas, que pon de manifesto, unha vez máis, o compromiso da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades con todo o que ten que ver coa construción dunha sociedade democrática, tolerante, solidaria, etc.

O Plan, impulsado desde Delegación do Goberno en Galicia e a alta Inspección de Educación, ofrece ao centro a posibilidade de solicitar charlas informativas/formativas sobre temáticas como: acoso escolar, drogas e alcol, violencia de xénero, novas tecnoloxías, bandas xuvenís, etc.; charlas impartidas por persoas expertas das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado e dirixidas ao conxunto da comunidade educativa (alumnado, profesorado, familias).

Entre as accións contidas no Plan Director, atópanse as seguintes:

- Realización de conferencias e actividades nos centros escolares dirixidas ao alumnado. E que fan referencia a:-
- Consecuencias do acoso escolar en quen o padece, así como da responsabilidade de todos de denunciálo e combatalo.
- Prevención fronte aos riscos derivados do consumo de drogas e alcol por menores e novos.
- Problemática relacionada con bandas xuvenís, condutas incívicas e vandálicas, racismo, xenofobia e intolerancia.
- Violencia sobre a muller, discriminación por razón de sexo ou orientación sexual, etc.
- Prevención dos riscos de seguridade asociados ás novas tecnoloxías e ao uso de redes sociais.
- Sensibilizar e orientar ao alumnado sobre aqueles comportamentos que poden derivar en accións delituosas ou violentas, fomentando os valores de responsabilidade, igualdade, respecto e convivencia.
- Facilitarlles ferramentas para a prevención de conflitos e para evitar o risco de converterse en vítimas de determinados delitos (abusos ou agresións sexuais, acoso escolar, acceso a determinados contidos da internet, etc.)

- Inculcar a necesidade de comunicar ou solicitar axuda aos pais e ao profesorado respecto dos feitos que se produzan no interior ou fóra do centro escolar, cando a gravidade da situación aconselleo.
- Mellorar o seu coñecemento das Forzas e Corpos de Seguridade, o servizo público que prestan á comunidade e as distintas canles de comunicación coas mesmas, así como a confianza no seu funcionamento.

As charlas impártenas os Corpos e Forzas de Seguridade do Estado:

- Policía Nacional (Participación Cidadá de cada comisaría)
- Garda Civil nas súas respectivas demarcacións.

Colaboran co Plan Director a Unidade de Violencia sobre a Muller da Delegación do Goberno nas charlas de Igualdade e non discriminación sexual, violencia de xénero.

HORARIOS CHARLAS PLAN DIRECTOR CURSO 22-23

26-04-2023

9:35-10:25 -----5º EP A ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
10:25-11:15 ----- 5º EP B ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
11:15-12:05 ----- 6º EP A VIOLENCIA DE XÉNERO
12:30-13:20 ----- 6º EP B VIOLENCIA DE XÉNERO
13:20-14:10 -----6º EP C VIOLENCIA DE XÉNERO

27-04-2023

9:35-10:25 ----- 1º ESO A VIOLENCIA DE XÉNERO
10:25-11:15----- 1º ESO B VIOLENCIA DE XÉNERO
11:30-12:20----- 2º ESO A ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
12:20-13:10----- 2º ESO B ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
13:25-14:15----- 2º ESO C ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING

03-05-2023

9:35-10:25 -----	3º ESO A	ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
10:25-11:15-----	3º ESO B-C	ACOSO ESCOLAR. CIBERBULLING
11:30-12:20-----	4º ESO A	VIOLENCIA DE XÉNERO
12:20-13:10-----	4º ESO B	VIOLENCIA DE XÉNERO.